



CONSELLO
DA AVOGACÍA
GALEGA



FORMACIÓN
Consello da Avogacía Galega



CURSO SOBRE A REFORMA DO CÓDIGO PENAL

Versión setembro 2016



Presentación

O 1 de xullo do 2015 entrou en vigor a Lei Orgánica 1/2015 da reforma do Código Penal.

O Código, aprobado pola Lei Orgánica 10/1995, é obxecto dunha profunda revisión e actualización, adaptándose aos novos tempos: introdúcense novas figuras delituosas e adecúanse os tipos penais existentes para ofrecer unha resposta máis axeitada ás novas formas de delincuencia, ao mesmo tempo que se suprimen infraccións que, debido á súa escasa gravidade, o lexislador entende que non merecen reproche penal.

Afróntanse dúas reformas orientadas a mellorar a eficacia da xustiza penal:

- Modificación da regulación da suspensión e substitución de penas privativas de liberdade.
- Supresión das faltas, pasando moitas delas a ser reguladas como delitos leves.

Doutra banda, introdúcese, como importante novidade, unha inédita pena de prisión permanente revisable, que poderá ser imposta en supostos de excepcional gravidade (asasinatos graves –de menores de 16 anos ou persoas especialmente vulnerables, asasinatos subseguintes a un delito contra a liberdade sexual, asasinatos en serie, etc.-, homicidio do Xefe de Estado, ou crímenes de lesa humanidade) nos que se xustifica unha resposta extraordinaria condenando ao cumprimento dunha pena de prisión de duración indeterminada suxeita a un réxime de revisión que só terá efectos despois de cumprida unha gran parte da condena.

Outra novidade é a mellora técnica na regulación da responsabilidade penal das persoas xurídicas para delimitar adecuadamente o contido do “debido control”, cuxo incumprimento pode dar lugar á responsabilidade penal.

O réxime da liberdade condicional refórmase para permitir o acceso á mesma de xeito máis rápido a certos reos, así como na súa configuración: o tempo de liberdade



condicional non computará como tempo de pena, senón como período de suspensión da mesma, de xeito que, se se incumpren as condicións, a pena estará intacta e o reo deberá cumprir o resto de pena que lle restaba antes de dita suspensión.

Amplíase e mellórase a regulación do decomiso, correxíndose unha situación de enriquecemento inxusto de orixe delituosa sen necesidade de declaración de culpabilidade.

En cumprimento da directiva 2011/93/UE, endurecécese as sancións penais en materia de loita contra os abusos sexuais, explotación sexual de menores e pornografía infantil. Como novidade importante, elévase a idade de consentemento sexual aos 16 anos.

No que se refire aos delitos contra a propiedade e o patrimonio, suprímese a falta de furto, considerándose en todo caso delito leve, agás supostos de reincidencia, utilización de menores ou delitos cometidos por organización criminal, onde, debido a circunstancia de agravación, terán a consideración de delitos co tipo agravado.

Créase, ademais, unha nova sección relativa aos delitos de corrupción nos negocios, incluíndose delitos de pago de sobornos para a obtención de vantaxes competitivas.

Todas estas novidades son analizadas neste curso de formación eminentemente práctico que axudará ao letrado no seu día a día, mediante táboas comparativas da normativa anterior coa nova regulación.

Memoria

Este curso parte dun convenio de colaboración entre o Consello da Avogacía Galega e a editorial Thomson Reuters Aranzadi, que pon a disposición de todos os letrados e letradas galegas unha serie de materiais de gran calidade, cunhas técnicas formativas que teñen en conta que os procesos de aprendizaxe e reciclaxe precisan de elementos innovadores.

Así, ofrécense contidos interactivos, nos que o alumno aprenderá “case sen darse de conta”, mediante o uso de esquemas e medios audiovisuais, que permiten aos



alumnos asistir a clases maxistras sobre os temas máis importantes da reforma do Código Penal sen necesidade de saír do seu despacho; sen ataduras e sen ter que acudir ás conferencias uns días e horas determinadas.

Como o resto de formacións do Consello da Avogacía Galega, este curso conta cun foro de consulta e opinión moderado por titores expertos na materia, elexidos pola Comisión de Formación do Consello de entre un extenso número de candidatos, tendo en conta o currículo e coñecementos na materia a estudar.

Esperamos que o curso sexa acollido con agrado polos letrados e letradas galegos, e que sexa de moita utilidade para o seu día a día na defensa dos intereses dos seus clientes.

Características do curso

Organiza: Consello da Avogacía Galega, en colaboración cos Colexios de Avogados de Galicia e a editorial Thomson Reuters Aranzadi.

Coordina: Secretaría Técnica CAG.

Dirixido a: profesionais da avogacía galega.

Modalidade: en liña, ou E-learning, na web <http://avogacia.gal/formacion>.

Lingua do curso: castelán.

Lingua da plataforma: castelán ou galego, configurable por cada usuario/a no seu perfil.

Número de horas lectivas: 60.

Prazo de matrícula: ata o 14 de outubro do 2016.

Lugar de matrícula: na aula virtual do Consello da Avogacía Galega, <http://avogacia.gal/formacion>.

Prezo: avogados/as exercentes e alumnos/as do Máster da Avogacía: 75 €. Avogados/as non exercentes: 150 €.

Remate do curso: 28 de febreiro do 2017.

Superación do curso: para a obtención do certificado é obrigatoria a superación de todos os cuestionarios correspondentes aos módulos teóricos en liña, así como a resolución dos casos prácticos ofrecidos ao finalizar cada modulo formativo.

IMPORTANTE: o servizo de titoría estará dispoñible a partires de outubro.

Ata entón, o alumnado poderá consultar o temario e realizar os exercicios da plataforma; as dúbidas sobre o programa que se consulten no foro en setembro agardarán a ser respondidas ata o inicio da titoría.

Obxectivos do curso

O obxectivo do presente curso é o de formar aos avogados e avogadas de Galicia nas amplas reformas penais acaecidas trala aprobación da Lei Orgánica 5/2015 da reforma do Código Penal.

Matrícula e inscricións

A matrícula realizarase polos propios interesados a través da plataforma formativa do Consello, <http://avogacia.gal/formacion>.

Certificación académica

Este curso está homologado polo Consello da Avogacía Galega. Cando se teña completado o estudo de todos os módulos teóricos en liña, superados os cuestionarios de autoavaliación, e avaliados e aprobados os casos prácticos, poderase descargar automaticamente e imprimir un certificado cun código seguro de verificación que garante a súa autenticidade.



Equipo

O equipo responsable do presente curso está formado polos seguintes profesionais:

Persoa	Tarefa
<p>JAVIER MUÑOZ CUESTA FISCAL do Tribunal Supremo e profesor de Dereito Penal Thomson Reuters Aranzadi</p>	Elaboración de contidos
<p>EDUARDO RUIZ DE ERENCHUN AVOGADO e profesor de Dereito Penal na UNIR Thomson Reuters Aranzadi</p>	Elaboración de contidos
<p>SERGIO ARAMBURU GUILLÁN AVOGADO Secretario técnico do Consello da Avogacía</p>	Coordinación do curso
<p>PATRICIA LÓPEZ GRELA AVOGADA Xestora de Formación no Consello da Avogacía Galega</p>	Elaboración Módulo 2 Coordinación e maquetación
<p>VERÓNICA PAJÓN JACOBE DOCUMENTALISTA Xestora de Formación no Consello da Avogacía Galega</p>	Coordinación e maquetación

Como estudar este curso

A actividade formativa será ofrecida mediante o uso da plataforma Moodle. Temas, lexislación e material de apoio, en permanente actualización. Ademais, prestarase titoría en liña cos coordinadores do curso mediante un sistema de foros.

O curso divídese en 2 grandes apartados:

- Cuestións Penais relativas á parte **Xeral** do CP: Bloques I-III
- Cuestións Penais relativas á parte **Especial** do CP: Bloques IV-VI


Ao entrar na plataforma, pódense visualizar os diferentes bloques organizados por pestanas:



Bloque I. Cuestiones penales de la parte general tras la reforma de la LO 1/2015 (I)

E dentro de cada un dos bloques, atópanse contidos formativos de diferente tipo:


- **Formación interactiva.**



- **Formación audiovisual.**



- **Formación en PDF.**



- **Bloque de avaliación.**





Un dos valores engadidos nesta formación é a existencia de formación audiovisual, a cal ofrece ao alumnado a posibilidade de escoitar as importantes novidades introducidas na regulación penal, sen necesidade de moverse do seu despacho ou da súa casa.



Os contidos teóricos tamén se ofrecen:

- Mediante *paquetes SCORM*, que permiten seguir a formación cunha presentación guiada, con animacións e un formato máis interactivo.
- Mediante documentos en formato PDF, que conteñen a mesma información, coa posibilidade de que se poden descargar e imprimir.

Recomendamos, porén, que os materiais non se impriman, porque están en permanente actualización e poden ser variados.

É importante realizar unha lectura comprensiva dos temas e completar o estudo co material adicional antes da realización dos cuestionarios de autoavaliación que se atopan ao final de cada tema. Unha vez cubertos e entregados desde a propia aula virtual, a súa corrección aparece na plataforma de maneira inmediata. Tamén será preciso entregar o caso práctico correspondente a cada bloque formativo, subindo o exercicio á plataforma para a súa corrección.

Os casos prácticos, así como os cuestionarios, deben ser realizados e avaliados como aptos antes da data de finalización do curso para poder superar a formación.

Foro

Os foros son unha **ferramenta de debate** onde os estudantes e o seu titor/a poden ter conversacións extensas sen necesidade de estar conectados ao mesmo tempo.

É a través dos foros onde se dá a maior parte dos debates e discusións dos temas do curso. É unha parte esencial para o desenvolvemento do curso e un espazo onde se poden resolver dúbidas, cambiar impresións e consultar as dificultades que cada un atope.

O alumnado dispón dun foro xeral do curso na parte xeral, na zona superior da aula virtual; aquí o titor poderá, por exemplo, propor temas de discusión relacionados con conceptos do programa teórico e con temas de actualidade. É importante a participación do alumno/a, compartindo opinións, proponendo temas de debate, etc.



Foro Xeral do Curso



Novidades

Ademais do foro xeral, o alumno poderá acceder ao foro de novidades. A diferenza do primeiro, o uso deste quedará reservado a administradores e formadores do curso. Nel publicaranse novidades de interese para o alumnado, como actualizacións de contidos, publicación de novas de actualidade e outros recursos que se consideren relevantes.

*****Na plataforma está publicado un sinxelo manual de uso no que se explica como navegar pola aula virtual e como utilizar os recursos dispoñibles.***



PROGRAMA FORMATIVO

Bloque 1. Cuestiones penales de la parte general tras la reforma de la LO 1/2015
(I)

Tema 1. La conversión de faltas en delitos leves

1. Supresión del Libro III del CP, de las faltas.
2. Consecuencias del delito leve.
3. Nuevo procedimiento para los delitos leves.
4. El sobreseimiento de los delitos leves.

Tema 2. La despenalización de las faltas y los accidentes de tráfico

1. ¿Qué juzgado será competente para los accidentes?
2. Sistema transitorio: Hechos anteriores al 1 de julio que se despenalizan.
3. ¿Qué faltas se castigan y cuáles se despenalizan?

Tema 3. La responsabilidad de las personas jurídicas

1. ¿Cuándo son responsables las personas jurídicas?
2. Supuestos de exención de responsabilidad.
3. ¿Cómo debe ser el modelo de organización y gestión?

Bloque 2. Cuestiones penales de la parte general tras la reforma de la LO 1/2015
(II)

Tema 1. Sistema de penas y prisión permanente revisable

1. Inhabilitación para tenencia de animales.
2. Tercer grado por motivos humanitarios
3. Prisión permanente revisable
4. Nuevo régimen. Concursos

Tema 2. Suspensión y sustitución de la pena

1. Clases de suspensión
2. Suspensión ordinaria de la pena
3. Suspensión por esfuerzo reparatorio



4. Suspensiones extraordinarias
5. Prohibiciones y deberes
6. Otras condiciones imponibles
7. Procedimiento para la suspensión
8. Causas de revocación de la suspensión
9. Sustitución de la pena por expulsión

Bloque 3. Cuestiones penales de la parte general tras la reforma de la LO 1/2015
(III)

Tema 1. Libertad condicional

1. Clases de libertad condicional.
2. Denegación y revocación de la libertad condicional.
3. Procedimiento para la concesión y condiciones.
4. Libertad condicional en la prisión preventiva revisable.

Tema 2. El decomiso y otras consecuencias

1. Clases de decomiso
2. Otros aspectos
3. El ADN de los condenados

Tema 3. Extinción de la responsabilidad criminal y otras cuestiones

1. El cómputo de plazo de prescripción de la pena
2. La cancelación de antecedentes penales
3. Reforma de los agravantes
4. Protección de la discapacidad

Bloque 4. Cuestiones penales de la parte especial tras la reforma de la LO 1/2015
(I)

Tema 1. Delitos de homicidio, asesinato y lesiones

1. Novedades en el delito de asesinato
2. Muertes por imprudencia, tras la reforma
3. ¿Cómo queda el delito de lesiones?

Tema 2. Delitos contra la libertad y la libertad sexual

1. Novedades en los delitos contra la libertad
2. El nuevo delito de acoso
3. Novedades en los delitos contra la libertad sexual

Tema 3. Financiación ilegal de partidos políticos

1. Financiación ilegal pasiva
2. Financiación ilegal activa
3. Responsabilidad penal de las personas jurídicas

Bloque 5. Cuestiones penales de la parte especial tras la reforma de la LO 1/2015
(II)

Tema 1. Delitos contra el patrimonio y el orden socio-económico (I)

1. Hurto
2. Robo con fuerza en las cosas
3. Agravaciones en hurto y en robo con fuerza en las cosas artículo 235
4. Robo con violencia o intimidación en las personas
5. Estafa
6. Agravación en la estafa

Tema 2. Delitos contra el patrimonio y el orden socio-económico (II)

1. Administración desleal y apropiación indebida
2. Frustración de la ejecución
3. Insolvencias punibles



Tema 3. Delitos contra el patrimonio y el orden socio-económico (III)

1. Daños informáticos
2. Delitos contra la propiedad intelectual e industrial
3. Corrupción en los negocios

Bloque 6. Cuestiones penales de la parte especial tras la reforma de la LO 1/2015 (III)

Tema 1. Delitos contra el medio ambiente y protección de la flora, fauna y maltrato animales

1. Delitos contra el medio ambiente
2. Delitos contra la flora y fauna
3. Maltrato de animales

Tema 2. Delitos contra la administración pública

1. Delitos contra la administración pública
2. Delito de malversación
3. Malversación impropia. Quebrantamiento de condena

Tema 3. Delitos contra el orden público

1. Atentado
2. Desórdenes públicos
3. Delitos de terrorismo



ESTATUTO DO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

APROBADOS POR DECRETO DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA, O DÍA 3 DE XUÑO DE 1993. (DOG DO DÍA 23)

(...)

Artículo 5

En el ámbito territorial de su competencia, tendrá las siguientes funciones:

1. Las atribuidas al Consejo General de la Abogacía Española, por la Ley de colegios profesionales, en cuanto tengan ámbito o repercusión solamente en el territorio de la Comunidad Autónoma y cuantas otras les fueran encomendadas en virtud de disposiciones generales o especiales, siempre que no interfieran en la autonomía y en las competencias propias de cada colegio.

(...)

4. Fomentar, crear y organizar instituciones, servicios y actividades, con relación a la profesión de abogado, que tengan por objeto la formación y perfeccionamiento profesional, la promoción cultural, la asistencia social y sanitaria, la previsión, la cooperación y el mutualismo, el fomento de la ocupación y otras actuaciones convenientes. Establecer, a tales fines, los conciertos o acuerdos más oportunos con la Administración y las instituciones o entidades que corresponden.

(...)